

## Informe sobre construción dun muro de contención de terras con carácter provisional nunha parcela na que está proxectado un viario no planeamento xeral (Concello de Meaño - Expediente XCP 22/053)

### ANTECEDENTES

I.- O 14.12.2022 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2022/3069286) oficio do Concello de Meaño no que solicita informe en relación co proxecto denominado "Ensanche e pavimentación de camiño en Igrexa – Dena", situado en solo urbano.

Concretamente, no proxecto recóllese o seguinte:

*"Construirase muros de contención con mampostería de pedra (cachotería) para soportar o terreo nas fincas que están a unha rasante superior a do vial e para soporte do propio vial nas zonas onde as fincas están en plano inferior a pista. En total construíranse de 209,80 m2 deste tipo de muros.*

*Na parte superior do muro de contención colocarase unha fila de pedra de perpiaño de 20 cm. de espesor e 50 cm. de altura, para peche da finca e evitar desprendementos de terra cara a pista, respetando as entradas as fincas. Construíranse un total de 103,50 m2. Nas entradas das fincas estes muros remataranse con columnas de pedra de granito de 30x30 en acabado aserrado. Colocarase 12 columnas de lonxitude variable, sumando en total 39 ml ...".*

No escrito expónse que con data do 19.09.2022, o director da obra emitiu un informe "... sobre a necesidade de executar muros de contención nas parcelas afectadas pola execución deste proxecto e non contemplados no mesmo ...". Neste informe indícase o seguinte:

*"El Proyecto citado anteriormente se redactó para la mejora del vial municipal que une la carretera de Pontedena a Abuín, con la rúa Santa Lucia, en el lugar de A Igrexa.*

*Se pretende la ampliación del camino para conseguir el ancho de 10 m. que marca la normativa municipal. Con estas actuaciones se transformará la pista actual en un vial urbano propio de una zona residencial, tal y como está clasificado en el Plan Xeral de Ordenación Municipal del Concello de Meaño, aprobado definitivamente el 28 de diciembre de 1999 y publicado en el D.O.G. del 7 de febrero del 2000.*

*La misma normativa municipal contempla un vial para ejecutarse en un futuro indeterminado, que parte del camino objeto de esta actuación, a la altura de P.K. 100+000.*

*Para poder ejecutar el ensanche contemplado en el proyecto, fue necesario excavar los terrenos de las fincas afectadas. Dicho proyecto contempla los muros de contención de los terrenos, para dejar las fincas estables, una vez rematada la obra.*

*En el entronque del vial contemplado en el PXOM, con el camino objeto de este proyecto, únicamente se contempla una excavación en desmonte, sin contención de ningún tipo. De esta forma, las fincas número 7 y número 8, quedan completamente inestables, con el consiguiente peligro que se originará con las lluvias y la escorrentía del agua.*

*En el caso de la finca número 8, la altura de tierras es mayor de 2,00 m, mientras que en la finca número 7, la altura de tierras supera el metro.*

*Para solucionar estos problemas, es necesario ejecutar un muro de contención provisional, mientras no se ejecute el vial contemplado en el PXOM. Este muro debería ejecutarse en continuidad de los muros ya ejecutados, con el mismo material que éstos.*



*De esta forma se evitarán los problemas que surgirán, tanto para las fincas citadas anteriormente, como para el vial de nueva construcción, ya que los terrenos se van a desmoronar con el tiempo y la lluvia, cayendo el material a la nueva acera, y desestabilizando las propias fincas.*

*Como se citó anteriormente, el muro se ejecutará de forma provisional, hasta que se construya el vial contemplado en el PXOM. Así, el material necesario para este muro provisional, se podrá aprovechar para los muros definitivos, que serán necesarios para contener las tierras del nuevo vial ...”.*

Á vista do exposto, solicítase a emisión dun informe referido ás seguintes cuestións:

*”- Nas referida parcelas nas que está proxectada no PXOM a apertura dun vial ¿sería posible construír un muro de contención de terras con carácter provisional ata que se desenvolva e execute o vial previsto?.*

*-No caso de estimarse posible a construción do muro ¿ podería construírse dito muro de contención e cederse aos propietarios dos terreos suxeito a unha condición resolutiva ata a apertura do vial? Ou ben ¿ debería construírse no terreo municipal?.”.*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo* correspóndelle a este órgano a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

**SEGUNDA.-** O Concello de Meaño conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 28.12.1999, e publicado o acordo aprobatorio no *Diario Oficial de Galicia* o 07.02.2000 e a normativa no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 17.01.2000.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG) establece o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, regulando no apartado 2, o seguinte:

*”2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*

*a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.*

*Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado”.*

Corresponde ao Concello de Meaño, á vista das circunstancias fácticas concorrentes e requisitos esixidos nos citados preceptos, determinar a categoría de solo dos terreos obxecto da consulta.

En todo caso, en aplicación do artigo 65.1 da *Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo de Galicia*, o plano 3-2 *”Usos pormenorizados do solo urbano. Solo Urbano de Dena”* do PXOM de Meaño asígnalles a categoría de solo urbano.

Non obstante o anterior, cabe partir para a resolución da consulta da correspondencia dos terreos nos que se pretende a execución do muro de contención coa categoría de solo urbano consolidado.



**TERCEIRA.-**O plano 1-4 Bis “Estrutura xeral e orgánica do territorio. Solo urbano de Dena”, identifica o viario ampliado dentro do sistema xeral de comunicacións, non así a rúa de nova apertura, que por exclusión ten carácter local.

A execución do sistema viario local require da súa previa definición nun proxecto de urbanización ou, cando este non sexa preceptivo, nun proxecto de obras ordinarias.

Conforme ao artigo 225.2 do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG), os proxectos de urbanización definen a execución das seguintes obras, que cabe facer extensivo aos proxectos de obras ordinarias, a falta dunha definición regrada:

“a) Execución ou acondicionamento das vías públicas, rede peonil, aparcadoiros e espazos libres públicos, incluída a explanación e pavimentación de calzadas, construción e encintado de beirarrúas e movementos de terras.

[...]

k) Demolición dos elementos existentes incompatibles co planeamento”.

Os movementos de terras abranguen as accións de baleirado ou recheo do terreo, que comprenden tamén as estruturas de contención ríxida que se requiren para a garantir súa estabilidade.

Do ata aquí exposto conclúese que sobre terreos cualificados como sistema viario, non cabe executar, por resultar incompatible coa dita cualificación, peches de finca coa exclusiva función de delimitar a propiedade, mais admítense os muros de contención que formen parte das obras necesarias para a execución do sistema xeral e sempre que se limiten a unha función estrutural.

**CUARTA.-** Como segunda cuestión, consúltase se o muro de contención debería construírse en terreo municipal ou podería construírse en terreos de titularidade privada e cederse aos propietarios dos terreos suxeito a unha condición resolutiva ata a apertura do viario.

A este respecto, cómpre sinalar que a cuestión plantexada excede do ámbito da interpretación da normativa vixente en materia de urbanismo e de ordenación do territorio, polo que non procede a súa análise por este órgano consultivo.

## CONCLUSIÓN

Nos terreos cualificados como sistema viario admítense a execución dos muros de contención que formen parte das obras necesarias para a execución do sistema xeral e sempre que se limiten a unha función estrutural.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

